

PROTOCOLO PARA A SELECCIÓN DE EMPRAZAMENTOS DOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA (CCC)

O programa Revitaliza, impulsado pola Deputación de Pontevedra, promove a compostaxe local como método preferente para o tratamento dos biorresiduos. Este programa destaca a importancia de tratar os biorresiduos no lugar onde se xeran, seguindo o principio de "quilómetro cero", e aposta pola compostaxe doméstica e comunitaria sempre que sexa viable.

A compostaxe é un proceso aerobio e termófilo que, baixo condicións controladas de temperatura, aireación e humidade, transforma os biorresiduos nun fertilizante natural de alta calidade, contribuíndo así á redución de residuos e ao fomento da economía circular.

Os Centros de Compostaxe Comunitaria (CCC) son instalacións nun principio destinadas a xestionar os biorresiduos xerados por pequenas comunidades de veciños. Tamén poden atender a pequenos produtores singulares que xeren este tipo de residuos.

A experiencia acumulada durante o desenvolvemento do Plan Revitaliza fixo posible establecer este protocolo con recomendacións para a elección do emprazamento máis axeitado para a instalación dun Centro de Compostaxe Comunitario (CCC). En base a esta experiencia, recoméndase ter en conta os seguintes requisitos:

1. REQUISITOS PARA A INSTALACIÓN DOS CCC

Para garantir a viabilidade e eficiencia dos CCC, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

1.1. Dimensión e capacidade

- Cada CCC debe contar cun mínimo de 3 unidades modulares para o tratamento dos biorresiduos (UMC) e un máximo de 10.
Estas instalacións modulares ofrecen unha solución flexible que se adapta a diferentes volumes de residuos, condicións operativas e espazos dispoñibles. Cada Unidade Modular de Compostaxe (UMC) é un cubo de 1 m³ de capacidade que pode conectarse lateralmente con outras unidades, permitindo así escalar a capacidade do centro segundo as necesidades da comunidade.
- A localización debe permitir a instalación do número adecuado de UMC para atender a demanda da área correspondente, e débese reservar espazo para unha posible ampliación no caso de ser necesario.

1.2. Requisitos técnicos mínimos

Para a instalación dun CCC, o emprazamento debe cumprir os seguintes criterios:

- Acceso a auga: debe existir un punto de auga preto ou a posibilidade de instalalo.
- Accesibilidade para vehículos: o emprazamento debe permitir a chegada de vehículos para subministrar estruturante e retirar compost.
- Espazo suficiente: debe haber espazo adecuado para a operativa do centro.
- Permisos administrativos: o concello deberá obter os permisos necesarios en caso de afección a dominio público distinto do municipal.

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO EMPRAZAMENTO

Se existen varias opcións de localización para un CCC, valorarase segundo os seguintes criterios:

2.1. Propiedade do terreo

- Priorizaranse parcelas públicas.
- No caso de non dispoñer de parcelas públicas adecuadas, poderá considerarse o uso de parcelas privadas coa correspondente autorización do propietario.

2.2. Características do terreo

- Preferiranse zonas con terreo natural (xardíns, herba, terra), evitando superficies que requiran obras importantes (picado de solo, asfaltado, etc.).
- Evitaranse zonas con moita pendente (máximo 3 %).

2.3. Distancia a vivendas

- É importante que a localización minimize posibles molestias, como cheiros ou presenza de insectos; aínda que estas situacións se poden evitar na maioría dos casos cunha correcta xestión do proceso de compostaxe —mantendo un bo equilibrio de materiais, ventilación axeitada e seguimento regular—, pode haber momentos puntuais nos que xurdan incidencias.
- Preferiblemente un CCC non debe instalarse a menos de 5 metros de fiestras ou portais. de edificacións con vivendas (evitando posibles molestias de proceso). Esta distancia pode ser revisada tendo en conta os efectos do vento dominante.
- Recoméndanse parcelas en espazos abertos.

2.4. Proximidade á poboación usuaria

- A poboación asignada ao CCC debe atoparse nun radio menor de 150 metros.
- Intentarase facilitar o acceso cun percorrido sen moita pendente e que coincida co tránsito habitual dos veciños.
- Debe situarse nun lugar accesible e cómodo para os veciños, preferiblemente non máis afastado ca o contedor da fracción resto, co fin de incentivar o uso habitual do centro.

2.5. Outros criterios valorables

- A proximidade a alumeado público.
- Dispoñer dun espazo amplo para a operativa do centro.
- Posibilidade de instalar, no futuro, unha illa de reciclaxe na mesma parcela ou preto dela.
- De ser necesario, o emprazamento debe contar con elementos de seguridade, como bolardos ou barreiras físicas, que impidan que os vehículos invadan ou ocupen o espazo destinado ao CCC.
- Se só hai unha localización dispoñible, debe cumprir obrigatoriamente os requisitos mínimos:
 - Accesibilidade
 - Punto de auga
 - Permisos administrativos

Este protocolo garantirá que os CCC se instalen en localizacións adecuadas, facilitando a correcta xestión dos biorresiduos e promovendo a sustentabilidade dentro da comunidade.